

PREMIOS AFIPRODEL 2013

FICHA DO PROXECTO

Datos de identificación do proxecto		
MODALIDADE <i>Marca só unha modalidade</i>	A. Proxectos/actuacións promovidos por administración públicas	
	A. Proxectos/actuacións promovidos por entidades privadas	
	A. Proxectos emprendedores/empresariais	X
NOME	XIRUME SC AXUDA NO FOGAR	
ENLACES	facebook.com/xirume twitter: @xirume2012	
CONCELLO	MAZARICOS	PROVINCIA A CORUÑA
ENTIDADE PROMOTORA	Nome completo	XIRUME SC
	Contacto	JENIFER OTERO ESPERANTE
	Enderezo	RUA DO EMIGRANTE 2 BAIXO
	Tfno.:	664556905
	@	XIRUME@GMAIL.COM
	web	facebook.com/xirume
AEDL	Nome e apelidos	JOSE RAMON ESPERANTE OTERO
	Entidade á que pertence	CONCELLO DE MAZARICOS
	Concello	MAZARICOS
	@	adl@mazaricos.net
	Papel no proxecto	Información

Descrición do proxecto	
PRESENTACIÓN	<p>Xirume é unha empresa de axuda a domicilio que ofrece un programa individualizado, de carácter preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador, no que se articulan un conxunto de servizos e técnicas de intervención profesionais consistentes na atención persoal, doméstica, de apoio psicosocial, familiar, de convivencia, de relacións co ámbito e outros, prestados no domicilio daquelas persoas cuxa independencia funcional se atopa limitada ou que atravesan unha situación que causa a súa dependencia nalgún grao.</p> <p>Ademais disto Xirume quer ir máis alá e ofrece a posibilidade de que os papas e mamas disfruten de tempo libre ou tempo para as súas xestións por iso pon a súa disposición @s mellores profesionais para dinamizar, ensinar e divertir os máis pequenos.</p> <p>E como Xirume é unha empresa moi completa que pensa nas necesidades das persoas comúns pensou tamén en ofrecer un servizo de limpeza completo e cun prezo axustado os tempos nos que vivimos.</p> <p>Por iso cando falamos da empresa XIRUME, falamos de tres servizos: Limpeza, Axuda no fogar e coidado e entretenemento dos máis pequenos.</p>
XUSTIFICACIÓN	<p>Esta idea partiu como unha solución a esta época de crise donde a maioría da xente non atopa traballo.</p> <p>As tres socias de Xirume pensando en novas ideas que fosen diferentes, realistas e con saída descubriron a necesidade do rural da axuda as persoas maiores e con discapacidade, ben sexa por necesidades físicas como emocionais por iso puxeron en marcha este proxecto. Dando así a oportunidade os nosos maiores de envellecer no seu fogar sen necesidade de ter que trasladarse a un centro residencial.</p>

	DESCRICIÓN	<p>A prestación de axuda a domicilio deberá cumprir os seguintes principios reitores:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Polivalente: cubrindo a ampla gama de necesidades que presenten persoas ou grupos familiares con déficit na autonomía persoal. • Normalizadora: utilizando os servizos xerais para a satisfacción das necesidades. • Domiciliaria: realizándose as devanditas tarefas preferentemente no domicilio do usuario. • Integradora: debendo abordar as necesidades dos individuos e grupos de forma global e non parcializada. • Preventiva: dirixida á prevención ou detención de situacións de deterioración. • Asistencial e rehabilitadora: estimulando a mellora das relacións humanas, a autoestima e as condicións de vida. • Transitoria: debendo manterse, polo menos, ata conseguir os obxectivos de autonomía propostos. • Educativa: potenciando as capacidades do usuario, favorecendo que este sexa axente do seu propio cambio. • Técnica: prestándose por persoal cualificado.
DESCRICIÓN	OBXECTIVOS	<p>OBXECTIVO XERAL: os obxectivos primordiais deste servizo son:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Facilitar a autonomía persoal do beneficiario • Lograr a permanencia no seu medio habitual de vida como alternativa o ingreso en centros residenciais e/ou asistenciais • Previr situacións persoais e sociais críticas como: a grave deterioración física e psíquica, a soidade, o illamento e o risco de accidentes domésticos. • Reducir o número de días de estanza nos centros hospitalarios. Prestando aqueles cuidados básicos e especializados en función da análise de necesidades persoais. <p>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Colaborar na identificación das necesidades persoais e sociais dos suxeitos para cumprir coa planificación establecida. • Controlar os hábitos alimenticios do asistido. • Elaborar comidas, segundo menús programados para asegurar o cumprimento das medidas dietéticas. • Axudar a inxestión de alimentos aos asistidos que o necesiten facilitando a través de técnicas e instrumentos unha mellor aceptación destes. • Atender á subministración e reposición de produtos de aseo e hixiene segundo necesidades de uso. • Manter limpa e en bo estado a roupa e o calzado para que o asistido disfrute da hixiene e bo estado. • Realizar o aseo das persoas imposibilitadas con seguridade e segundo as necesidades, para garantir a adaptación as súas esixencias físicas. • Contribuír á mobilidade e mantemento físico e psíquico do asistido propiciando o seu benestar. • Detectar con anticipación e comunicar problemas de saúde ou cambios no estado do asistido para contribuír a súa boa marcha e evolución. • Controlar a medicación prescrita segundo as necesidades, para evitar a automedicación e as súas consecuencias. • Facilitar o asistido a súa integración no medio social. • Colaborar cando o requira o asistido nos aspectos administrativos para axudar a súa resolución. • Atender puntualmente as xestións coas entidades sanitarias. • Atender con eficacia as xestións de mantemento do fogar.
	ACTUACIÓNS	<p>Esta empresa colabora con varias entidades públicas como o Concello de Mazaricos coa limpeza de varios colexios e o concello de Santa Comba, no servizo de axuda no fogar.</p> <p>Ademais do seu traballo en domicilios privados para diferentes tipos de necesidades.</p> <p>Contan tamén con experiencia en dinamización de festas e momentos lúdicos dos máis pequenos.</p>

ELEMENTOS SALIENTABLES	<p>Xirume ten como meta abrir a mentalidade da xente do rural onde aínda non se ve con bos ollos a contratación dunha empresa de axuda no fogar.</p> <p>Intenta facer ver a importancia do persoal cualificado en este campo, deixando atrás o medo a meter alguén descoñecido na súa casa.</p> <p>Na nosa zona hai moita xuventude con preparación neste campo (auxiliares, técnicos sociosanitarios, enfermeiros...) por iso Xirume busca a maneira de facerse coñecer e realizar da mellor forma o seu traballo para así lograr crear un grupo máis amplo e dar máis oportunidade de traballo a nosa xuventude preparada sen que teña a necesidade de saír do rural</p>
PERSPECTIVA DE FUTURO	<p>Sempre que se crea un proxecto deste estilo, crease coa maior ilusión e cas maiores ganas de que saía ben e cunha proxección de continuidade a longo prazo.</p> <p>Buscamos a maneira de progresar tanto nós como empresa como persoalmente.</p> <p>Xirume sigue formándose cada día para mellorar e aprender de cada erro e de cada caso ca seguridade de que é unha gran idea, un gran proxecto e de que con paciencia e moita dedicación se pode formar unha empresa forte.</p>
ENLACES RELACIONADOS	<p>facebook.com/xirume twitter: @xirume2012</p>

